

ACORDO DO PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O XOVES 22 DE XUÑO DE 2023

“4. ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.-

“Proposta de Acordo

Asuntos da Alcaldía-Presidencia
Exp. 2023/G006/000265

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS. Corporación 2023-2027.-

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que o Pleno da Corporación, con cargo ós Orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, de selo caso, se estableza con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar cunha contabilidade específica da dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

Nos mesmos termos se regula no artigo 55, apartados cuarto e quinto, do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Arteixo, asimesmo, terase en conta o que ao respecto indiquen as bases de execución do orzamento municipal.

En atención á dita normativa é polo que se propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO.- Asignar a cada un dos Grupos Políticos do Concello de Arteixo unha dotación económica que constará dos seguintes compoñentes:

Un compoñente fixo, consistente nunha dotación económica mensual de 150 euros.

Un compoñente variable, consistente nunha dotación económica mensual de 250 euros por cada concelleiro integrante do grupo.

A asignación aos grupos políticos será aboable trimestralmente.

Os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais desta, na que se reflectirá a

situación e xestión económica nos libros e rexistros adecuados, co fin de que en todo momento poida darse razón das operacións realizadas.

Admítese como xustificación dos gastos na Contabilidade municipal, a declaración responsable de cada portavoz, de aplicación dos fondos recibidos ás finalidades contempladas na normativa en vigor; esta declaración deberá emitirse, en todo caso, dentro do primeiro bimestre do exercicio seguinte á da xustificación dos gasto. Todo isto, sen prexuízo das obrigas formais sinaladas anteriormente de obrigado cumprimento e que estarán a disposición do Pleno, ou dos órganos de control interno, nos termos en aquel o aprobe, ou externo segundo a normativa vixente en cada momento. Non poderán destinarse, segundo a normativa vixente, ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que puideran constituir activos fixos de carácter patrimonial.

SEGUNDO.- As contías especificadas no punto anterior serán imputadas á partida 912/489.00 do Orzamento municipal vixente.

Nos Orzamentos municipais anuais preverase crédito axeitado e suficiente para dar cobertura a este gasto, que será fiscalizado pola Intervención municipal.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal así como no portal de transparencia.

En Arteixo, documento asinado dixitalmente na data da e-sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Carlos Calvelo Martínez.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidentencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidentencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE, os acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. José María Vázquez Pita (SECRETARIO XERAL)